

Partido correspondente a 14ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ós equipos de Sada F.S e o Concello de Ponteceso F.S.F , encontro disputado o sábado 22 de Xaneiro ás 19:00 horas no Pabillón Municipal de Sada que finalizou co resultado de 6-0 a favor do equipo local.

#### ALINEACIÓNS:

**SADA F.S.**- Anabel, Mónica, Laura, María e Maite (cinco inicial). Tamén xogaron Thais, Jurley, Susana, Marta, María, Camila e Ana.

**CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.**- Martina, Silvia, Cris Santos, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Mónica, Marta, e Tamara.

#### GOLES:

- 1-0 (min. 14) Laura.
- 2-0 (min. 21) Laura.
- 3-0 (min. 35) Camila.
- 4-0 (min. 38) Ana.
- 5-0 (min. 44) Mónica.
- 6-0 (min. 49) Martina (p.p)

Mal partido das Pontecesáns que acusaron moito as baixas e lesións que fixeron que só se desprazaran 8 xogadoras das 17 que teñen.

Aguantou o Ponteceso os primeiros 15 minutos coa portería a cero, aínda que neste tempo as xogadoras de Sada tiveron varias ocasións para adiantarse no marcador, e foi no minuto 14 cando nunha boa xogada colectiva, Laura marcaba un gol que poñía tranquilidade na bando local.

Pouco despois no minuto 21 volvían a marcar as sadenses por medio de Laura outra vez que foi a máis activa na primeira metade.

Antes do pitido Carmen tivo una boa ocasión, pero despois de regatear a porteira do Sada mandou o balón ó pao.

Xa na segunda metade o Sada foi moi superior e non lle dou ningún tipo de oportunidade o Ponteceso, aínda que o resultado foi demasiado abultado para o visto sobre a pista.

A próxima semana O Concello de Ponteceso recibe na casa ó A Fervenza B o sábado 29 as 19:00 horas no pabillón municipal de Ponteceso.